



Concello de Pedrafita do Cebreiro  
 Praza de España, 2  
 27670 – Pedrafita do Cebreiro -  
 Lugo

**ASUNTO: Notificación de concesión das subvencións aos concellos galegos, ás asociacións e ás cooperativas de persoas praceiras dos mercados e prazas de abastos para a concesión de mercados de excelencia.**

**Proc. IN223A – 2017 (DOG nº 81, de 27 de abril de 2017)**

Para o seu coñecemento e efectos, notifícolle que con data de 18 de xullo de 2017 á Directora Xeral de Comercio e Consumo, por delegación do Conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Orde de 10.06.2016 – DOG nº 131/2016), ditou resolución de concesión de subvención de conformidade co expresado a continuación:

<b>Beneficiario/a</b>	<b>Concello de Pedrafita do Cebreiro</b>
<b>Obxecto</b>	<b>Acondicionamento do edificio principal do mercado de Pedrafita do Cebreiro. Mellora de construcións existentes no mercado ambulante.</b>
<b>Investimento subvencionable</b>	<b>40.000,00 €</b>
<b>Importe subvención</b>	<b>20.000,00 €</b>
<b>Observacións á inversión</b>	---

Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer, no seu caso:

1. Recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contando a partir do día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 15 das bases reguladoras da Orde de convocatoria, e sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, de conformidade co disposto polo artigo 21.5 da





lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorridos dez días hábiles dende a notificación ou publicación desta sen que a persoa interesada comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta e, dende ese momento, adquirirá a condición de beneficiario/a.

A renuncia á subvención, debidamente motivada, farase por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas..

En caso de que se comunique a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21.1 da mesma lei.

### Xustificación da subvención

Segundo o establecido no artigo 16 das bases da orde de convocatoria, o pagamento da subvención quedará condicionado á presentación, na respectiva xefatura territorial, da documentación xustificativa da realización do investimento que fose obxecto de subvención ata o 31 de outubro de 2017,

Os órganos competentes da Consellería de Economía, Emprego e Industria poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes.

### Pagamento

Recibida a documentación xustificativa da subvención, as respectivas xefaturas territoriais, antes de proceder ao seu pagamento, realizarán as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento do investimento subvencionado.

O importe da subvención aboarase nun único pagamento mediante transferencia bancaria á entidade financeira ao número de conta designado polo beneficiario.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionada do custo final da actividade sempre que se xustifique un mínimo do 65% do importe establecido na resolución de concesión. No caso de concorrer con outras axudas aplicarase o disposto no artigo 2 das bases reguladoras.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2017

A Subdirectora Xeral de Comercio

Marta López

